

PLAN DIXITAL

CEIP MANUEL LUIS ACUÑA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. **Introdución**

1.1. **Datos básicos do centro**

Centro: CEIP Manuel Luis Acuña con dirección en Rúa Hórreo 11 e código postal 32002 Ourense.

Correo electrónico: ceip.manuel.acunha@edu.xunta.es

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelacunha/>

O centro conta con dúas etapas educativas: infantil e primaria.

O claustro conta cun total de 15 mestres e o centro ten un total de 64 alumnos.

1.2. **Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**

Para contextualizar o Plan Dixital no centro se indica brevemente o seguinte:

- As características socioeconómicas e culturais das familias do centro son de nivel medio-baixo cunha gran diversidade étnica e cultural.
- O PD contribúe ao Proxecto Educativo xa que se traballa na aula virtual do centro, na páxina web do centro e tamén no proxecto Digicraft.

- O PD contribuirá á Programación Xeral Anual do curso 22/23 xa que se facilitará ao profesorado a utilización de distintas ferramentas dixitais, se fomentará o uso da aula virtual do centro co alumnado e se mellorará a política de protección de datos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital seguiu os seguintes pasos respecto o proceso de elaboración do Plan Dixital:

- 1- Solicitude dunha liña relacionada co Plan Dixital a través dun PFPP.
- 2- Formalización e posta en funcionamento da aplicación informática para a elaboración do Plan Dixital co asesoramento do equipo ADIX.
- 3- Realización da Fase I- Análise e diagnose de situación dos centros (elaboración do SELFIE, do informe grupal do test CDD e do DAFO) e da Fase II- Deseño e elaboración do Plan Dixital (elaboración do Plan de Acción e do Plan Dixital do centro).
- 4- Comezo da Fase III- Implementación, seguimento e avaliación do Plan Dixital (dita fase realizarase no curso 2022/2023).

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Infraestrutura dixital do centro: conectividade con erros frecuentes ao utilizar as aplicacións e infraestruturas de voz e de datos antigas con erros frecuentes.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
 - 11 aulas dixitalizadas tendo 3 aulas ordenador de sobremesa e 8 aulas ordenador portátil.
 - 4 aulas non dixitalizadas das cales 2 teñen ordenador portátil e as outras 2 ordenador de sobremesa.
 - 4 equipos de sobremesa para a xestión e administración con 2 impresoras e 2 fotocopiadoras repartidos entre a dirección, a secretaría e a conserxería.
 - 1 equipo de sobremesa e 1 impresora para uso na biblioteca.
 - 2 equipos de sobremesa para uso nas salas de profesorado e departamentos.
 - 9 ordenadores de sobremesa na aula de informática.
- Servizos dixitais educativos: servizos corporativos (páxina web do centro, aula virtual, espazoAbalar e Abalarmóbil) e non corporativos que facilitan a xestión docente (6 tablets).

- Servizo externo na xestión do mantemento do equipamento do centro.
- Non temos enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As fontes empregadas para a análise DAFO foron as seguintes:

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,6
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3
	Alumnado	4,1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,6
	Profesorado	3,5
	Alumnado	4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,5
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	2,5
	Profesorado	3,7
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,2
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,3
	Profesorado	3,2
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,1
	Alumnado	4,1

Test CDD: Pódese incluír a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén pode interesar reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	10	90%
PROVISIONAL	4	4	100%
INTERINO	0	1	0%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
66,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	52,5	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
EP	55,4	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	10	66,7%
Integrador/a (B1)	2	13,3%
Experto/a (B2)	1	6,7%
Líder (C1)	2	13,3%
TOTAL	15	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C3.CONEXIÓN A INTERNET BOA PERO CON CORTES EN OCASIÓN. C8.BO NÚMERO DE EQUIPOS DIXITAIS POR ALUMNO PERO MOI ANTIGOS. C14.INSTALACIÓNS AMPLAS A NIVEL DE AULA E DE PATIO.	C1. INFRAESTRUCTURA. FALTA DE RECURSOS ECONÓMICOS PARA REMODELAR DISTINTOS ESPAZOS DO CENTRO. C7. PROTECCIÓN DE DATOS. MELLORAR A POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS.
	PERSOAL DOCENTE	A3. NOVAS MODALIDADES DE ENSIANZA. B2. DEBATE SOBRE O USO DA TECNOLOXÍA. UTILIZACIÓN DAS REDES SOCIAIS PARA DAR A COÑECER O CENTRO. BOA COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA. D3. INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS. COMPROMISO COAS NOVAS METODOLOXÍAS, PROXECTOS E PROGRAMAS.	E2.CARGA DE PROXECTOS E PROGRAMAS NOS MESMOS DOCENTES. DEPENDEMOS NORMALMENTE DE AXUDA EXTERNA. E3.FALTA DE INICIATIVA EN MELLORAR A CALIDADE DA ENSIANZA NUN PORCENTAXE ALTO DO CLAUSTRO. ESCASO USO DE ENTORNOS VIRTUAIS PARA O APRENDIZAXE.
	PERSOAL NON DOCENTE	D3. INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS.	
	ALUMNADO	H1. COMPORTAMENTO SEGURO. RATIO POR MESTRE PEQUENA PARA FACILITAR UNHA ATENCIÓN MÁIS INDIVIDUALIZADA. H3. COMPORTAMENTO RESPONSABLE. RESPECTO AO EQUIPAMENTO DO CENTRO E AOS PROXECTOS E PROGRAMAS INNOVADORES NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.	H7. CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS. DEBIDO A FALTA DE EQUIPAMENTO NOS HOGARES E A COMPETENCIA DIXITAL MEDIA-BAIXA.
	FAMILIAS		
	OFERTA	A3. NOVAS MODALIDADES DE ENSIANZA. COMPROMISO COAS NOVAS METODOLOXÍAS, PROXECTOS E PROGRAMAS.	

		UTILIZACIÓN DAS REDES SOCIAIS PARA DAR A COÑECER O CENTRO.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3.COMPROMISO COAS NOVAS METODOLOXÍAS, PROXECTOS E PROGRAMAS. REDES SOCIAIS PARA DAR A COÑECER O CENTRO. C14.APROVEITAMENTO E USO AXEITADO DAS BOAS INSTALCIÓNS COAS QUE CONTA O CENTRO.	A1. ESTRATEXIA DIXITAL. FALTA DE FORMACIÓN DOCENTE PARA FOMENTAR O EMPREGO DE MEDIOS DIXITAIS.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C14. ESPACIOS FÍSICOS. BOA RELACIÓN COA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA AXUDAR A MELLORAR AS CARENCIAS DO CENTRO A NIVEL DE INFRAESTRUTURA. CAPOSTA POLA CONCELLERÍA POR UNHA TRANSFORMACIÓN NOS CENTROS RESPECTO AO USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS.	C1.TRANSPORTE ESCOLAR QUE ABARCA POUCO ESPAZO DE RECOLLIDA AO ALUMNADO. APORTACIÓN ECONÓMICA BAIXA PARA MELLORAR OS ESPAZOS DO CENTRO. AUMENTO DA OFERTA EDUCATIVA DE CENTROS CONCERTADOS DA ZONA.
	LEXISLACIÓN		C7. PROTECCIÓN DE DATOS. MELLORAR A POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS.
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	B3. COLABORACIÓNS.	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Indícanse brevemente a secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO: establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos (os cales son específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Tamén aparece indicado brevemente:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentamos unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan. A continuación expóñense as 3 táboas a ter en conta:

Táboas: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Pedagogía: Apoio e Recursos (E3) e Liderado (A1)						
1. OBXECTIVO (1):	Facilitar ao profesorado a utilización de distintas ferramentas dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% de profesorado que participa na formación.					
Valor de partida (3)	0% de profesorado que participa na formación.					
Valor previsto e data (4)	50% de profesorado que participa na formación.				30/06/23	
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión da CCP para valorar a necesidade da utilización de distintas ferramentas dixitais.	Equipo directivo	1/10/22	Acta CCP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitud de formación para a utilización das ferramentas necesarias.	Equipo directivo	31/10/22	Solicitud Asesor de CEFORE e persoa coordinadora TIC Infraestrutura dixital Equipamento Servizo dixitais educativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Formación do profesorado na utilización de distintas ferramentas dixitais.	Persoa coordinadora TIC	30/06/23	Coordinador do PFPP. Profesorado Ponente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Utilización das distintas ferramentas dixitais no proceso de ensino e	Profesorado	30/06/23	Profesorado e alumnado Ordenadores Ferramentas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

aprendizaxe.						
AO1.5: Valoración na CCP sobre as distintas ferramentas dixitais utilizadas.	Equipo directivo	30/06/23	Coordinador do equipo TIC. Ordenadores da sala de informática.			Realizada
						Aprazada
						Pendente

“Área/s de mellora”: Competencias dixitais do alumnado (H7).

2. OBXECTIVO (2):	Fomentar o uso da aula virtual do centro co alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º.	Acadado	
--------------------------	--	----------------	--

RESPONSABLE:	Equipo directivo.			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de actividades propostas ao alumnado polos mestres.					
Valor de partida (3)	Non se coñece o número de actividades.					
Valor previsto e data (4)	6 actividades propostras ao alumnado polos mestres.			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Comunicación nun claustro da importancia do uso da aula virtual do centro.	Equipo directivo	1/10/22	Acta do claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Solicitud de formación sobre o uso da aula virtual para o profesorado que o requira.	Equipo directivo	31/10/22	Solicitud de Asesor de CEFOR e persoa coordinadora TIC Infraestrutura dixital Equipamento Servizo dixitais educativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Matriculación do profesorado e o alumnado nos cursos da aula virtual.	Administrador da aula virtual.	1/10/22	Espazo corporativo Moodle Datos do alumnado e do profesorado Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Realización das actividades por cursos na aula virtual.	Profesorado	30/06/23	Ordenador Actividades Curso na aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.5: Seguimento trimestral da realización das actividades que propón o profesorado.	Administrador da aula virtual	Último claustro de cada trimestre	Espazo corporativo Moodle Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
	Equipo directivo	Último claustro de cada	Persoa coordinadora TIC		Realizada	

AO2.6: Información ao claustro sobre o número de actividades subidas polo profesorado ó aula virtual.		trimestre	Acta do claustro Profesorado		Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos (C7).			
3. OBXECTIVO (3):	Mellorar a política de protección de datos.	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado informado sobre o cumprimento da lei de protección de datos.		
Valor de partida (3)	0% do profesorado informado sobre a lei de protección de datos.		

Valor previsto e data (4)	100% do profesorado informado sobre a lei de protección de datos.			22/12/22	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO3.1: Reunión do equipo TIC para valorar a situación de partido do centro.	Persoa coordinadora TIC	1/10/22	Equipo TIC. Acta da reunión. Leyslación (Lei Orgánica 3/2018 protección de datos)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.2: Revisión do equipamento respecto a lei de protección de datos.	Persoa coordinadora TIC	1/11/22	Equipo TIC Infraestrutura dixital Equipamento do centro Servicios dixitais educativos		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.3: Concreción do procedemento para a actualización do equipamento do centro.	Persoa coordinadora TIC	15/11/22	Equipo TIC Equipamento do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.4: Actualización do equipamento do centro.	Persoa coordinadora TIC	15/12/22	Equipo TIC. Infraestrutura dixital Equipamento do centro Servicios dixitais educativos		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.5: Informar no claustro sobre o cumprimento da lei de protección de datos.	Equipo directivo	22/12/22	Coordinador do equipo TIC. Acta do claustro. Leyslación.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos do centro é importante que sexan cubertas para poder acadar os distintos obxectivos do Plan de Acción, e así poder levar a cabo exitosamente o Plan Dixital, co que se pretende a transformación dixital axeitada e adaptada ao noso centro. As necesidades son as seguintes:

- Infraestrutura dixital: infraestrutura de datos (mellora da conectividade do centro para poder traballar con solvencia tanto nas aplicacións da Consellería como nas comunicacións ás familias e tamén para mellorar a labor docente debido a que falla a conectividade ás veces nas aulas) e infraestrutura de voz (debido a súa antigüedad falla a comunicación e o centro necesita novos equipos para mellorar esta infraestrutura).
- Equipamento: 15 ordenadores de sobremesa ou portátiles para a aula de informática debido a antigüedad dos que están a día de hoxe (a finalidade é mellorar o proceso de ensinanza e aprendizaxe e, por outro lado, poder facer un préstamo a determinadas familias do centro xa que non teñen ordenador na casa para acceder ao aula virtual, sempre e cando fose necesario tal e como foi no confinamento da pandemia) e 6 ordenadores de sobremesa para cada unha das 6 unidades do vindeiro curso (a finalidade é mellorar o proceso de ensinanza e aprendizaxe).
- Servizos dixitais educativos: non hai necesidades.

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

*O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte: no contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre durante o curso 2022/2023. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. A avaliación procesual e final levarase a cabo tendo en conta as apreciacións propias do equipo do centro así como as indicacións do equipo ADIX.*

4.2. Propostas de mellora (revisión)

*Respecto as propostas de mellora, no contexto da **avaliación final**, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos tendo en conta as realizacións ou non das accións e dos indicadores propostos para así elaborar as propostas de mellora axeitadas ao noso centro nese momento.*

5. Difusión do plan

As estratexias ou protocolos para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa será o seguinte:

- Páxina web: publicación do plan dixital para o seu coñecemento por parte de toda a comunidade educativa así como da realización de actividades relacionadas con dito plan no centro educativo.*
- Claustro: serán informados a través dos claustros que se realicen no centro así como a través do correo electrónico.*